**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE FEBREIRO DE 2017**

ASISTENTES: Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ CONCELLEIROS/AS D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D ^a MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ	No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as dez horas do día quince de febreiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Disculpa a súa asistencia D. ^a Laura Piñeiro Montes.
--	---

LECTURA E APROBACIÓN, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2016. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. POS + 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde – Presidente ao Pleno do Concello de que, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobou en data 25 de novembro de 2016 as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal Plan Único dos Concellos POS+2017.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

A asignación coa que conta o Concello da Capela para o ano 2017 é a seguinte:

CONCELLO	A CAPELA			
	Achega Provincial 2017	Achega Provincial 2016	Préstamo Provincial 2017	TOTAL
ASIGNACION POS+2017	166.425,87	102.415,92	110.097,11	378.938,90

Avaliados polo órgano de Goberno as necesidades do Concello en canto a dotacións de investimentos e gasto corrente con cargo o mencionado Plan propoñense a inclusión das seguintes obras:

1.- Achega Provincial 2017

"Acondicionamento do Campo da Feira", cun orzamento que ascende á cantidade de 76.425,87 euros, ive engadido.

2.- Achega Provincial 2016 (investimentos financeiramente sostibles)

"Pavimentación da vía municipal Os Calzados San Boulo", cun orzamento que ascende á cantidade de 102.415,87 euros, ive engadido.

3.- No Plan Complementario inclúense os seguintes proxectos por un importe mínimo non inferior o 20% do total das achegas asignadas o POS+2017:

A) "Pavimentación e iluminación en beirarrúas nas Neves", cun orzamento que ascende á cantidade de 56.000 euros, ive engadido.

B) "Mellora da rede de alumado en Os Enxertados-Os Calzados a Buiña e outros", cun orzamento que ascende á cantidade de 30.000 euros, ive engadido.

4.- Polo que respecta o financiamento de gastos correntes destínase a cantidade de 90.000 euros.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno realizada en data dez de febreiro de dous mil dezasete, informou favorablemente a Proposta da Alcaldía.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase ao Sr. Alcalde-Presidente a qué se debe o incremento do gasto corrente que pasa de 62.000 a 90.000€.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respótaselle que se inclúen neste apartado do Pos + 2017 certas subvencións que a Deputación non vai a sacar de xeito independente.

Polo que respecta ás obras incluídas no POS +2017, dí o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, que en principio a idea do seu grupo é outra, pero que con respecto á obra da Pavimentación dos Calzados a San Boulo, debe aproveitarse para darlle unha boa entrada ao Forgoselo, e con respecto ao proxecto do Acondicionamento do Campo da Feira, pregunta o Sr. Alcalde se segue no proxecto a intención de cortar as árbores do lugar, xa que levan toda a vida alí e non parece unha medida axeitada e polo tanto deben respetarse.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que ás árbores alí plantadas non son especies autóctonas de Galicia e que en principio non se cortarán todos.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dise con respecto ás obras contempladas na proposta da Alcaldía que salvo o tema do acondicionamento do campo da Feira, o resto das obras incluídas parecen lóxicas, aínda que aglomerar os camiños non é unha boa solución, sobre todo para zonas que dentro de 5 ou 10 anos poden estar despobladas e serían cartos tirados. Dí que A Capela tén un problema grave de despoboación ao igual que todas as zonas rurais de Galicia e o equipo de goberno do Concello tén que poñerse a traballar para tomar medidas encamiñadas a frear esta despoboación.

Neste intre fai unha proposta para que todos os grupos con representación municipal fagan as reunións que sexan precisas para abordar e debater en profundidade os problemas que ten A Capela e ver as posibilidades e solucións que se poden xerar.

Dí o voceiro do Grupo Mixto – PP, que noutras ocasións xa propuxo solucións concretas con respecto a asuntos como a recollida e tratamento de RSU.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, respótaselle que entende o manifestado polos voceiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP, pero dí que dende arriba referíndose á Xunta de Galicia ó Concello non lle están a axudar de ningunha maneira e cita como exemplo a crise do sector lácteo, o problema da pataca, etc. Fala tamén o Sr. Alcalde-Presidente da dispersión da poboación na zona rural que conleva un maior gasto e déficit na prestación nos servizos.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Remata a súa intervención dicindo que o Concello téñ os medios económicos que ten e que con eles debe intentar manter os servizos públicos existentes.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dí que efectivamente dende as arcas municipais non se poden abordar moitos asuntos, pero é o Alcalde e o equipo de goberno o que ten que facer xestión día a día diante dos organismos competentes .

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente queixándose do trato da Xunta ao Concello da Capela e dí que somentes a Deputación tanto no anterior mandato Provincial do Partido Popular, coma neste mandato presta axuda axeitada ao Concello.

Toma de novo a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, para reiterar a súa proposta de que é necesario facer unha reunión ou reunións monográficas con todos os grupos municipais para facer un diagnóstico real por onde pode ir A Capela, e dí ademais que é importante saber e ter claro onde se pode e se debe gastar o diñeiro, xa que hai moitos servizos nos que se podería disminuir o gasto corrente, como por exemplo a recollida e tratamento de RSU.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que ve necesario a reunión ou reunións propostas polo voceiro do Grupo Mixto- PP.

Polo Concelleiro delegado de obras D. Jaime Barcia Rodríguez, manifestase que téñ coñecemento das reunións que se fixeron cos voceiros dos Grupos Municipais para dar a coñecer con suficiente antelación a proposta do equipo de goberno con respecto a inclusión de obras no POS +2017 e incluso para facer aportacións dos Grupos Municipais.

Respóstalle o voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, no sentido de que a súa proposta de reunión ou reunións é para facer un diagnóstico e marcar as prioridades de xeito global da Capela, en definitiva falar da Capela é buscar solución.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres. Concelleiros /a do Grupo Municipal do P S de G – PSOE e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP), adopta o seguinte acordo:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Subtotal pago a provedores	0


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	90.000 €
Subtotal gasto corrente	90.000 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento
------------------------	-------------------------------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>.
Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
"ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DA FEIRA"	76.425,87€	0€	76.425,87€
Subtotal investimentos achega provincial 2017	76.425,87€	0€	76.425,87 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total	
"PAVIMENTACION DA VIA MUNICIPAL OS CALZADOS-SAN BOULO"	102.415,92€	0 €	102.415,92€	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Subtotal investimentos achega provincial 2016	102.415,92€	0 €	102.415,92 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
			0
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017			0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
---	-------------------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

	0
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
Subtotal achegas municipais	0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á
----------------------------	----------------------------------	---

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

		redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0		0
	Achega 2017	0		0

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	90.000		90.000
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	76.425,87	0	76.425,87
	Achega 2016	102.415,92	0	102.415,92
	Préstamo 2017	0		0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0		0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0		0

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela


Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

	Achega 2016	0		0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	0		0
TOTAL	Achega 2017	166.425,87	0	166.425,87
	Achega 2016	102.415,92	0	102.415,92
	Préstamo 2017	0	0	0
	TOTAL	268.841,79	0	268.841,79

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
"PAVIMENTACION E ILUMINACION EN BEIRARRÚAS NAS NEVES"	56.000
"MELLORA DA REDE DE ALUMADO EN OS ENXERTADOS-OS CALZADOS A BUIÑA E OUTROS"	30.000
TOTAIS	86.000

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

3. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do Convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, (FEGAMP), para a implantación da Historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que este é un convenio que afecta fundamentalmente aos servizos sociais do Concello, polo que é necesario adherirse ao mesmo.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Sen producirse debate, e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1. Adherirse ó convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da historia social única electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
 2. Remitir o presente acordo ao órgano competente da Xunta de Galicia.
 3. Facultar ó Alcalde-Presidente para que en nome e representación do Concello da Capela proceda á formalización do protocolo de adhesión e de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.
- 4. INFORME DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2016. DAR CONTA.**

A petición do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario – interventor do Concello infórmase e dase conta ao Pleno da execución do orzamento correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2016, que de acordo coa documentación remitida o día 30 de xaneiro de 2017 a través da Plataforma da oficina virtual coas Entidades Locais, o Concello da Capela cumpriu no exercicio 2016 coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto; non tendo o Concello débeda agás os reintegros puntuais das devolucións nas participación dos ingresos do estado.

O Pleno da Corporación queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cincuenta minutos de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).